

EIXE 2 | A Recuperación como meta

SENDA

Entidade executante

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (<https://www.caritas-santiago.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Santiago de Compostela nas instalacións do CASC VIEIRO.

Persoas destinatarias

Persoas en situación de sen fogar con Trastorno Mental Grave ou sospeita de padecelo, e con factores que se atopen en situación de grave exclusión social (factores engadidos como a adicción, enfermidade física, pobreza económica e illamento social e familiar).

No ano 2023 prevese atender a 51 persoas.

Obxectivos

Xeral:

Promover o acceso e mantemento dos coidados de saúde mental a persoas en situación de senfogarismo con sospeita ou diagnose de TMG.

Específicos:

Mellora da situación das persoas sen fogar con TMG ou sospeita do mesmo, mediante a satisfacción de necesidades básicas.

Lograr a través do apoio emocional e o acompañamento unha vinculación da persoa co centro.

Mellorar nas capacidades e competencias en saúde a través da participación nos servizos do centro, conseguindo un achegamento ós recursos sanitarios e sociais.

Metodoloxía

A metodoloxía está orientada dende un modelo de Acompañamento Social personalizado. O mesmo tempo, ten que adaptar a metodoloxía de traballo para que as intervencións sexan continuadas no tempo, e establecendo relacións de axuda lonxe dos despachos dos equipos profesionais.